



## ANUNCIO

A alcaldesa ditou a Resolución núm.: 2021-1626, con data de 06/07/2021, pola que aprobou a lista definitiva das persoas admitidas, tribunal cualificador e data de realización da fase de concurso e da fase de oposición do proceso selectivo que se convocou para contratación dun/ha EXPERTO/A DOCENTE DE CARPINTERIA E VERNIZADO por baixa de IT da persoa titular do posto, na cal se establece o seguinte,

### “RESOLUCIÓN

O programa de emprego “REDONDELA TIC” vai dirixido a mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas mozas incluídas no Ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, cofinanciado pola Iniciativa de Emprego Xuvenil e o Fondo Social Europeo do período 2014-2020.

A Consellería de Economía, Emprego e Industria outorgou ao Concello de Redondela unha subvención de 369.492,32€ para a contratación de persoal para realizar o programa de emprego “REDONDELA TIC”, con data de 03/08/2020 ao abeiro da Orde do 27 de decembro de 2019, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para a realización de Programas de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil (formación e aprendizaxe) no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2020 (TR353B), que se publicou no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) núm. 13, do 21/01/2020, normativa de aplicación.

A selección do alumnado así como a do persoal directivo, docente e administrativo de apoio participante neste programa será realizada pola entidade promotora mediante un procedemento específico regulado mediante instrución da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral, atendendo ás prioridades do proxecto, aos itinerarios formativos e a criterios de igualdade e obxectividade.

A alcaldesa ditou a Resolución núm.: 2020-2732, con data de 13/11/2020 pola que contratou ao docente da especialidade de Carpintería e Vernizado, para realizar a obra ou servizo “REDONDELA TIC” e por un período dun ano, dende o 13/11/2020 ata o 12/11/2021.

---

**Concello de Redondela**

C/ Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



Cod. Validación: 5WQ2WJKCYHTNYPHPHC7DC4NTX | Corrección: <https://redondela.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 4



Tras causar baixa o docente da especialidade de Carpintería e Vernizado por IT procede realizar a súa substitución, polo que, de acordo coas bases reguladoras deste proceso selectivo, acudiuse á lista de reserva que está integrada polas persoas candidatas que, tendo superadas todas as fases do proceso de selección, obtiveron as seguintes mellores puntuacións finais ás da persoa proposta para ocupar a praza obxecto da convocatoria. O único aspirante desta lista renunciou á oferta por atoparse traballando.

Polo que, segundo o que establecen as bases reguladoras deste proceso selectivo no seu apartado décimo, no suposto de que a listaxe de reserva se esgotase ou que ningún dos seus integrantes estivera dispoñible para a súa contratación polo Concello de Redondela, iniciárase un novo procedemento de selección.

O Concello de Redondela presentou a correspondente oferta de emprego na oficina pública de emprego do Concello de Redondela o día 25/06/2021 para a preselección de persoas candidatas para o posto de Experto/a docente en CARPINTERÍA E VERNIZADO. Esta oficina preseleccionou a 1 persoa para o posto de Experto/a docente en CARPINTERÍA E VERNIZADO (Oferta 12-2021-5313).

A alcaldesa ditou a Resolución núm.: 2021-1590, con data de 01/07/2021, pola que aprobaba a lista provisional de persoas admitidas no proceso selectivo que se convocou para a selección dun/ha Experto/a docente en CARPINTERÍA E VERNIZADO.

Tras non presentarse reclamacións, é polo que, en virtude das competencias que me asigna a lexislación local vixente,

RESOLVO:

PRIMEIRO: Declarar admitida, con carácter definitivo, á seguinte persoa aspirante no proceso selectivo que se convocou para a contratación dun posto de experto/a docente de CARPINTERIA E VERNIZADO, para levar a cabo o programa de emprego "REDONDELA TIC":

---

**Concello de Redondela**

C/ Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



Cod. Validación: 5WQ2WJKCYHTNYPHPHC7DC4NTX | Corrección: <https://redondela.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 4



N.º	APELIDOS E NOME	DNI
1	VILLAR PORTAS, JESÚS	*****685-T

\*Segundo o previsto no apartado 7.3 das bases xerais de convocatorias de procesos de selección de persoal do Concello de Redondela que se publicaron no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO), número 50, do 13.03.2015, o feito de figurar incluído/a na relación de admitidos/as non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas posuír os requisitos esixidos no procedemento selectivo convocado, que deberán ser xustificadas documentalmente no suposto de que os/ás aspirantes admitidos/as superen as probas selectivas.

SEGUNDO: Designar o tribunal cualificador do proceso selectivo que se convocou para a contratación dun posto de experto/a docente de CARPINTERIA E VERNIZADO, para levar a cabo o programa de emprego "REDONDELA TIC":

-PRESIDENTA:

Titular: M.<sup>a</sup> Carmen López Duarte  
Suplente: Olalla Casanova Fernández

-VOGAIS:

Titular: M.<sup>a</sup> del Carmen Sánchez Vidal  
Suplente: Xose Ramón Mato Lodeiro

Titular: Xurxo Martínez Gonzalez  
Suplente: Marina Iglesias Bernárdez

Titular: Sonsoles Lores Martínez  
Suplente: José Romero-Amich Nieto

-SECRETARIA:

Titular: Ana M.<sup>a</sup> Barreiro Rivas  
Suplente: Sandra Alonso Plata

---

**Concello de Redondela**

C/ Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



Cod. Validación: 5WQ2WJKCYHTNYPHPHC7DC4NTX | Corrección: <https://redondela.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 4



TERCEIRO: A constitución do tribunal para a realización da fase de concurso terá lugar o:

DÍA: 08/07/2021

HORA: 09:00 horas

LUGAR: Telematicamente

CUARTO: A persoa admitida no proceso selectivo que se convocou para a selección dun posto de experto/a docente de CARPINTERIA E VERNIZADO, que deberá acudir co DNI, queda convocada na seguinte data:

DÍA: 08/07/2021

HORA: 12:00 horas

LUGAR: Na Aula Cemit do concello sita no Paseo de Pexegueiro núm.: 6, (Centro de Formación Municipal a Marisma)

QUINTO: Publicar na sede electrónica, na páxina web do concello e no taboleiro de anuncios a relación definitiva de persoas admitidas neste proceso selectivo, o tribunal cualificador e a data de realización da fase de concurso e da fase de oposición deste proceso selectivo.”

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE

---

**Concello de Redondela**

C/ Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



Cod. Validación: 5WQ2WJKCYHTNYPHPHC7DC4NTX | Corrección: <https://redondela.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 4